



CONCELLO DE PONTECESO
 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 20 DE MAIO DE 2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.00 horas do día 20 de maio de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
 D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ GÓMEZ
 D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA
 D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ
 D^a RAQUEL FONDO PÉREZ

SECRETARIA: D^a ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: non asiste por causa xustificada

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Antes de someter as actas a aprobación a Secretaria aclara que o ROF establece a obriga de recoller unha relación sucinta dos feitos, e que se algún membro quere que conste algo de modo literal deberá dicir que "conste en acta " de forma expresa.

Finalizada a aclaración sométese a votación as dúas actas.

- **Acta da XGL do 20-01-2020:** Sométese a votación
 - o Favor: D.Xosé Lois García Carballido, D. Miguel González Gómez. D^a Noelia Varela Suárez
 - o Abstención: D^a Raquel Fondo Pérez (por estar ausente ese día)
 - o Contra: D. Faustino Santiago Lema
Polo que queda aprobada acta do 20.01.2020.
- **Acta da XGL do 06-05-2020:** Apróbbase por unanimidade

2.-Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización:

2.1 PROPOSTA DA XGL: Aprobación inicial do Plan Especial de Infraestruturas en Solo Rústico para construción dun Centro de Investigación, Formación e Coidado de Persoas Maiores en Bardaio .

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

"PROPOSTA XGL.



APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS EN SOLO RÚSTICO PARA CONSTRUCCIÓN DE UN CENTRO DE INVESTIGACIÓN, FORMACIÓN E COIDADADO DE PERSOAS MAIORES EN BARDAIO.

EXPD: 2018/ U022/000017 E 2018/X999/000028

01/10/2018 O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite o "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico" para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso.

- 11/12/2018 Solicítase a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a Avaliación Ambiental Estratéxica a través do SIR. Remisión do Informe Ambiental Estratéxico relativo ao Plan espacial de Infraestruturas e dotacións en solo rústico no núcleo de Bardaio.

- 09/01/2019 Emítase informe técnico por parte do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, no que se analiza os Obxectivos, Alcance e Contido do Plan, así como o procedemento a seguir para a súa Aprobación Inicial.

- 09/01/2019 Solicítase informe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia a través do SIR.

- 09/01/2019 Solicítase informe a Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia a través do SIR.

- 13/02/2019 O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, solicita un informe de viabilidade urbanística.

- 03/04/2019 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Territorio e Vivenda. Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, achega Resolución do expediente: 2018AAE2283 resolvendo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a o "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico no núcleo de Bardaio, no Concello de Ponteceso" ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente.

Non entanto, para favorecer a sustentabilidade ambiental da proposta, integrárase no planeamento as seguintes determinacións:

- Antes da aprobación inicial deste Plan, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras deberán informar, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.

- Co fin de garantir a integración visual das novas edificacións, a proposta deberá incorporar un Estudo de Impacto e integración paisaxística, que deberá ser validado polo Instituto de Estudos do Territorio mediante informe emitido tras a aprobación inicial do Plan especial.

Remítase tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan e que corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Instituto de Estudos do Territorio.


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

- Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

- 09/04/2019 O Servizo Municipal de Augas de Ponteceso, xestionado por Espina&Delfin, Informa que o núcleo de Bardaio, pertencente a parroquia de Cores, non dispón actualmente dos servizos Municipais de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais.

- 10/04/2019 O Servizo de Urbanismo. Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia. Delegación Territorial da Coruña, achega contestación á solicitude de informe sectorial sobre o Plan Especial do expediente con referencia, comunicando que no estado actual da tramitación do Plan Especial non procede nin emisión de informes sectoriais pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo nin a contestación a consultas sobre él.

En calquer caso, lembrese que unha vez aprobado provisionalmente o plan deberá ser sometido ao informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo previsto no artigo: 75.1.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

- 26/04/2019 Os Servizos Centrais de Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, achega contestación a solicitude na que conclúe que deberase ampliar a documentación do "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico no núcleo de Bardaio, no Concello de Ponteceso", en materia de abastecemento e saneamento.

- 04/09/2019 O Arquitecto Felipe Nuñez Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite un reformado do "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico e Nucleo Rural" para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso. Para a concesión de Licenza Municipal.

- 04/09/2019 O Arquitecto Felipe Nuñez Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite o documento para a avaliación ambiental estratéxica.

- 04/09/2019 O Arquitecto Felipe Nuñez Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite o estudo de impacto e integración paisaxística.

- 08/11/2019 O Instituto de Estudo do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, achega informe no que indica que dada a entidade da actuación e o entorno no que se atopa, a representación da integración paisaxística da actuación incluída no estudo de impacto e integración paisaxística resulta insuficiente.

Así, para formalizar o plan especial deberán terse en conta as seguintes cuestións:

- Debe estudarse con maior detalle a integración topográfica das edificacións. Neste sentido recoméndase que se proxecten de forma escalonada para que, sen menoscabo da necesaria funcionalidade do equipamento, se reduza o impacto visual da actuación.
- No tocante ás condicións dos acabados das edificacións e restantes elementos da actuación (pavimentos, peches, etc) o plan especial debería concretar as solucións polas que deberán optar os proxectos, sempre en congruencia co expresado na Guía de cor e materiais de Galicia e na Guía de Boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais.
- Deberá completarse o EIIP cun modelado, fotomontaxe ou representación virtual do encaixe das edificacións na paisaxe.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

• O plan especial deberá recoller tanto na súa ordenación coma na normativa as condicións necesarias para garantir a aplicación das medidas de integración paisaxística reflectidas no EIIP. Finalmente, e de acordo co sinalado no informe ambiental estratéxico do órgano ambiental, o plan especial logo da súa aprobación inicial deberá someterse a informe do IET para a comprobación do cumprimento das observacións realizadas neste informe.

29/01/2020 O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite un reformado do "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico", un documento reformado para a avaliación ambiental estratéxica e un estudo reformado de impacto e integración paisaxística. Para dar resposta aos informes das Consellerías.

O 20.02.2020 emítese o informe polo arquitecto dos servizos técnicos municipais que é do seguinte teor: "..... Examinada a documentación presentada comprobouse a integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, a conformidade do Plan coa lexislación vixente e que este contén as determinacións axeitadas á súa finalidade. Axustándose ao artigo. 184. Documentación dos planes Especiais do RLSG.

O órgano municipal competente deberá proceder á súa aprobación inicial e sometelo a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal solicitará das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Finalmente, e de acordo co sinalado no informe ambiental estratéxico do órgano ambiental, o plan especial logo da súa aprobación inicial deberá someterse a informe do IET (Instituto de Estudo do Territorio)."

O 3/03/2020 o secretario accidental, Emilio Caínzo quintás emite informe xurídico no que conclúe :

1º.- De conformidade co informe técnico emitido polos Servizos Técnicos Municipais de data 20-02-2020 estímase que a documentación obrante no expediente é a precisa para a súa tramitación.

2º.- Consta no expediente a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Territorio e Vivenda, da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, na que se resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, se ben deberase ter en conta as súas determinacións.

Constan informes de empresas subministradoras como Espina y Delfín, S.L.

3º.- O procedemento de aprobación deberá axustarse ao establecido no art. 75 da LSG e no artigo 185 do Regulamento da Lei do solo, debendo someterse a información pública polo período de dous meses, mediante o anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, debendo notificarse individualmente a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, sendo neste caso os titulares das seguintes referencias catastrais 15069A057003090000PP, 15069A506001000000OW e 15069A506000990000OW. Durante o devandito prazo solicitarase das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos.

4º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, incorporados os informes sectoriais, deberase emitir os informes técnico e xurídico, de conformidade co artigo 75.1.d) da LSG.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

5º.- Cumpridos os trámites sinalados nos puntos precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan. O órgano competente en materia de urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan especial. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe.

6º.- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva."

Tendo en conta o informe da secretaria do Concello do 14.05.2019

Vista a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa redacción vixente trala modificación practicada sobre o mesmo a través do Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, que establece expresamente:

Disposición adicional terceira. Suspensión de prazos administrativos.

1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

5. A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos procedementos administrativos nos ámbitos da afiliación, a liquidación e a cotización da Seguridade Social.

6. A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias.

Tendo en conta que 15 de maio de 2020 Felipe Nuñel Méndez, en representación de Carlos Pose Varela presenta escrito dando a súa conformidade para a continuación do procedemento con RE X0099-2020-000043.

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febrero, do Solo de Galicia, e no Decreto 143/2018 polo que se aproba o Regulamento da LSG así coma o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, publicado no BOP nº 99, do 28.05.2015

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO. Acordar a continuación do procedemento, dado que o Plan Especial é de iniciativa particular e existe escrito de conformidade de Felipe Nuñel Mendez en representación de Carlos Pose Varela do 15.05.2020

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Plan Especial de Infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso.

TERCEIRO: Someter ao trámite de información pública polo período de dous meses, mediante anuncio no DOGA e un dos xornais de maior difusión da provincia.

CUARTO: Notificar de forma individual aos titulares das seguintes referencias catastrais 15069A057003090000PP, 15069A506001000000OW e 15069A506000990000OW

QUINTO. Solicitar durante este prazo os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos."

Sométese a votación e a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Acordar a continuación do procedemento, dado que o Plan Especial é de iniciativa particular e existe escrito de conformidade de Felipe Nuñel Mendez en representación de Carlos Pose Varela do 15.05.2020

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso.

TERCEIRO.- Someter ao trámite de información pública polo período de dous meses, mediante anuncio no DOGA e un dos xornais de maior difusión da provincia.

CUARTO.- Notificar de forma individual aos titulares das seguintes referencias catastrais 15069A057003090000PP, 15069A506001000000OW e 15069A506000990000OW



QUINTO.- Solicitar durante este prazo os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos.

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: Non constan

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: Non constan

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: Non constan

6.-Petición e aceptación de subvencións:

6.1 Proposta da XGL de aprobación do POS +ADICIONAL 1/2020 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19

ANTECEDENTES

O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2020 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96, do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove (25/10/2019), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+2020>> (BOP número 208 do 31 de outubro de 2019).

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020), aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2020” para regular o POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, destinados aos 93 concellos da provincia, para a aplicación dunha parte do Superávit de operacións non financeiras (SONF) do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, de acordo co disposto no artigo 3, en relación co artigo 1.2, do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020); e de acordo co disposto no artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

Visto o informe da Alcaldía de data 13/05/2020.

Visto o informe da Concelleira de Servizos Sociais de data 13/05/2020.

Visto o informe de Intervención de data de data 14/05/2020.

Vista a Resolución da Alcaldía número 374/2019, de 26 de xuño pola que se estipulan as delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local.

Vista a Resolución da Alcaldía número 283/2020, de 11 de maio, pola que se modifican as competencias delegadas na XGL pola Alcaldía por Resolución 374/2019.

PROPOÑO RESOLVER:

PRIMEIRO-Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) -POS+ ADICIONAL 1/2020- da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	41.872,77 €
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).	35.872,77 €	0,00 €	35.872,77 €
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de	6.000,00 €	0,00 €	6.000,00 €



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
inserción.			
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T O T A L	41.872,77 €	0,00 €	41.872,77 €

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”

Sométese a votación e a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) -POS+ ADICIONAL 1/2020- da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	41.872,77 €
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).	35.872,77 €	0,00 €	35.872,77 €
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	6.000,00 €	0,00 €	6.000,00 €
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T O T A L	41.872,77 €	0,00 €	41.872,77 €

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”

6.2 Proposta da XGL de participar no plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal adicional 2/2020.

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES**ANTECEDENTES**

O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2020 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96, do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove (25/10/2019), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+2020>> (BOP número 208 do 31 de outubro de 2019).

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020), aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2020” para regular o POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, destinados aos 93 concellos da provincia, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar ós concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

Visto o informe de Intervención de data de data 14/05/2020.

Vista a Resolución da Alcaldía número 374/2019, de 26 de xuño pola que se estipulan as delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local.

Vista a Resolución da Alcaldía número 283/2020, de 11 de maio, pola que se modifican as competencias delegadas na XGL pola Alcaldía por Resolución 374/2019.

PROPOÑO RESOLVER

PRIMEIRO.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	157.022,90 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos non incluídos no	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE PONTECESO
 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

Plan Complementario ao POS+ 2020			
TOTAL	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	157.022,90 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

7. Escritos e comunicacións: Non constan

concello@ponteceso.r



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

8.- Dación de conta de decretos: Dase conta das Resolucións dende 01-05-2020 (exp: 2020/G003/000288 RES 265/2020 do 04 de maior ata 15-05-2020 (exp: 2020/G003/000315 RES 290/2020 do 14 de maio)

A XGL dase por enterada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se presentaron rogos e preguntas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás nove horas e quince minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria l dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo: D^a Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.